



REPLAY ESPECIAL · PISANDO OVOS · 9 DE AGOSTO 2021 · SANTIAGO DE COMPOSTELA

Replay son unha serie de encontros coreográficos de **Rut Balbís** con artistas emerxentes da danza de Galicia nos que convive a danza e a música electrónica co **Dj Jas Processor**, celebrando deste xeito os 15 anos de Pisando Ovos.



En Santiago de Compostela preséntase o *Replay Especial* onde se suma *Replay#1* con Alba Fernández, *Replay#2* con Julia Laport e Sabela Domínguez, ademais dun convidado especial, Nacho Muñoz e da propia compañía con Jas Processor e Rut Balbís.

Replay, Repeat.

Repetir para abrise ó descoñecido, para refacer o vivido.

Un novo cruce entre corpos, unha nova conversa do movemento coa música en directo, un novo Give it a spin que se remezcla coa colaboración das compañías Elahood e Exire, para transformarse nunha acción performativa co peche dunha sesión DJ de Jas Processor e Nacho Muñoz.

Creación e intérpretes: Jas Processor, Rut Balbís, Alba Fdez. Cotelo, Julia Laport, Sabela Domínguez, Nacho Muñoz

Música en directo: Jas Processor e Nacho Muñoz.

Produción e distribución: Manu Lago · Galicia Danza Contemporánea.

Colabora: Laboratorio Escénico Coop. A Coruña e Compostela Cultura.

Duración: 50 minutos

Para todos os públicos.

PISANDO OVOS

Compañía de danza contemporánea desde o 2004, residente do Teatro Ensalle de Vigo e dirixida por Rut Balbís.

A base do seu proxecto artístico é a búsqueda dunha linguaxe artística propia desde o traballo co corpo e o movemento a través da creación escénica contemporánea, reflexada no seu interese polo tratamento das imaxes e dos tempos lentos.

Ata agora, son nove as creacións coas que conta a compañía e coas que participa de forma habitual nas Redes de teatros autonómicas e nacionais, así como nalgúns dos festivais nacionais ou internacionais máis destacados do panorama actual das artes do movemento:

- *Directo 9*, Teatro Ensalle, Vigo, 2018
- *Give it a spin*, Centro Cultural Conde Duque, Madrid, 2015
- *Peza 7*, Teatro Ensalle, Vigo, 2014
- *Que volvan as flores*, Teatro Ensalle, Vigo, 2014
- *Tres*, Pazo da Cultrua de Narón, 2009
- *Menos 1*, Teatro Ensalle, Vigo, 2008
- *30000*, Salón Teatro, Santiago de Compostela, 2007
- *No intre 1800*, Teatro Ensalle, Vigo, 2006
- *N8OHX*, Teatro Ensalle, Vigo, 2005

Recibe o primeiro premio do XXI Certamen Coreográfico de Madrid no 2007 cun extracto da súa peza *No Intre 1800*.

CÍA EXIRE

Exire é unha compañía de Danza Urbana e Contemporánea que reside en A Coruña. Ten máis de 10 anos de experiencia en Artes Escénicas, xirando por toda a xeografía galega dende o 2006. Está formada polas creadoras Estefanía Gómez e Alba Fernández. Ambas comezaron formándose en Danza Clásica no Conservatorio de Danza da Deputación da Coruña. Posteriormente formáronse en Danza Contemporánea e Danzas Urbanas en diferentes centros e con diferentes docentes do territorio nacional e internacional. Seguen en constante formación, compaxinando a danza con outras artes escénicas.

Colaboran a nivel persoal con outras compañías, coma Entremans, As Tricotouses, Elefante Elegante, Pisando Ovos e Nova Galega de Danza.

Actualmente teñen varios espectáculos en activo:

NEXOS - Premio Mellor Coreografía no XVIII Festival DZM - Cáceres; ON - Premio Sólodos en Danza Ourense 2017 e Premio do Público, Premio Mellor Interpretación no XIX Festival DZM - Cáceres; e MÉDULA (Coprodución co CCG -Agadic e Artestudio Xestión)

CÍA ELAHOOD

Elahood é unha compañía de danza urbana formada por Sabela Dominguez e Julia Laport no ano 2017. A visibilización das danzas urbanas como un medio de expresión lexítimo na danza profesional, unha visión artística clara e directa, caracterizada por unha linguaxe visual e musical cunha mirada hacia afora, son algúns dos pilares sobre os que cimentan a súa creación. A súa actividade escénica vese acompañada dunha gran presenza na comunidade urbana, impulsando

e participando en varios proxectos e eventos tanto a nivel nacional como internacional (Milan, Seoul, Paris, Bangkok..). Combinan esto co seu papel pedagóxico onde levan a cabo numerosas formacións tanto presenciais dentro da comarca, como online onde participan bailaríns de diferentes países.

RUT BALBÍS (Ourense, 1979)

PREMIO DA CRÍTICA DE GALICIA de artes escénicas 2019.

Creadora-coreógrafa, intérprete e docente en artes do movemento, é Licenciada en C.C. da Actividade Física e do Deporte e realiza o One Year Certificate in Contemporary Dance en The Place (Londres).

Dirixe a súa propia agrupación Pisando Ovos desde 2004 coa que recibe o primeiro premio do XXI Certamen Coreográfico de Madrid no 2007. A compañía conta con nove creacións cas que participa de forma habitual nas Redes de teatros autonómicas e nacionais, así como nalgúns dos festivais nacionais ou internacionais máis destacados do panorama actual das artes vivas.

En paralelo ao seu proxecto con Pisando Ovos colabora con outras compañías de teatro e danza na dirección e asesoramento de movemento como Las Tricotouses, Chévere, Traspediante, Voadora, Paula Quintas, Masamadre ou o Centro Dramático Galego; e tamén como intérprete con Matarile Teatro, Iker Gómez, Lipi Hernández ou Licenciada Sotelo.

Rut participou en diferentes proxectos audiovisuais como os video-danza *Danza na Terra* (Vilaboy) e *Katiuska* (Antón Coucheiro), ou na curtametraxe *Marcela e Elisa* de Toño Chouza.

Como docente dirixiu a Aula de danza Normal da Universidade de A Coruña durante trece anos e actualmente forma parte do equipo docente de formación profesional de danza do Laboratorio Escénico Coop. de A Coruña.

Ademáis, é integrante do colectivo RPM e colaboradora habitualmente na sección de artes do movemento do Diario Cultural da Radio Galega.